

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN EN DEFENSA DA CLASE TRABALLADORA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción en defensa da clase traballadora.

Exposición de motivos

Son incontables as mocións presentadas no Concello de Ferrol en defensa de dereitos laborais. Polo Salón de Plenos teñen vido a reivindicar os seus dereitos colectivos dispares e diversos: traballadores e traballadoras de Navantia, Correos, Gamesa, Residencia de maiores de Caranza, hostalería e ocio nocturno e un longo etcétera que pon de manifesto, en primeiro lugar, a necesidade de algo máis que empatía para solventar os problemas estruturais e endémicos do desemprego, variable constante na nosa cidade, coa conseguinte perda de poboación, a unha media de oitocentos habitantes menos por ano.

Por outra banda, ponse de relevo unha circunstancia habitual neste mandato: é fácil o compromiso cando non comporta ningún tipo de actuación, pero cando o Goberno local é o responsable á hora de ter que poñer solucións, ou cando menos, diálogo, intermediación, debate, funcións de representación institucional, nese momento, o que prima é o escapismo, dar ás costas a crúa realidade que decenas de persoas vinculadas ao concello dun xeito directo ou por empresas concesionarias están a vivir: precariedade, illamento, menosprezo.

Dende Ferrol en Común asumimos como lóxica de acción do goberno do PSOE, o emprego da institución como se de un consello de administración se tratara. Decisións

arbitrarias ás costas da cidadanía, desprezo absoluto aos grupos que lle deron o goberno, falta de información en comisións de trámite, en definitiva, Ferrol vive unha degradación total no que a calidade democrática se refire. Todo para o pobo pero sen o pobo, parece ser o lema do señor Mato, que leva ao límite situacións nas que a tensión non subxace en maior grado polo esgotamento xeral ocasionado pola pandemia.

Nos últimos anos o Concello de Ferrol sufriu unha merma nos seus efectivos. Cada vez hai menos persoal e os servizos á cidadanía non fan máis que aumentar. É un mal endémico en todas as áreas que se leva arrastrando desde que por lei impediuse a contratación de novo persoal, que non fose pola tasa de reposición de efectivos, coas súas limitacións.

Isto ten consecuencias no persoal que está a traballar, posto que cada día a carga de traballo é maior, chegando a ser inmanexable, cun sobredimensionamento de funcións e responsabilidades, que da lugar a un ambiente laboral complicado, o que leva a un estado de esgotamento físico, emocional e mental.

Lonxe de buscarse solucións, desaténdense as recomendacións do persoal da área, non se opta polo diálogo e empréganse métodos, incluso ameazantes, que distan moito dunha boa intención para amañar a situación insostible nos departamentos.

Ademais atopámonos con outros colectivos que prestan servizo ao Concello de Ferrol que están nunha situación laboral precaria, cunha serie de demandas que o Goberno tampouco está a escoitar.

Como resultado do exposto, sen máis alternativa, convocáronse desde comezos deste mes de abril distintas folgas en varios colectivos: persoal da biblioteca, persoal de deportes, persoal de parques e xardíns e persoal do servizo de auga. Aínda que con demandas e circunstancias diferentes, o mal común co que se atopan estes colectivos é a falta de respecto co que o Goberno está a tratar a súa situación, cando o único que pretende o persoal é dar un servizo de calidade á cidadanía nunhas condicións dignas.

Dende Ferrol en Común somos coñecedores da realidade obxectiva do Concello de Ferrol: unha RPT inmutable dende o ano 2000, múltiples sentenzas por conflitos co persoal, limitacións orzamentarias derivadas de leis estatais que o goberno central non ten

intención de mudar e que sigue castigando a autonomía financeira local, servizos sen contrato, falta de efectivos nos centros xestores...

Ante ese argumento a dinámica habitual do señor Mato, en lugar de dialogar e construír, é sempre a mesma erguer o dedo inquisitorial e exercer o eu acuso: herdanzas recibidas e acusacións mutuas que non só non soportan a patina do tempo, logo de tres anos de mandato, se non que ademais son un insulto a quen pensa que o pazo debe estar ao servizo da praza, que os gobernantes están ao dispor da cidadanía e non á inversa.

Certo é que non existen solucións máxicas e inmediatas a todos os problemas que levan a Ferrol a taxas record negativas: desemprego, pobreza, despoboación. Pero tamén é certo que a primeira pedra sobre a que se debe construír unha sociedade é o respecto mutuo e o diálogo.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1.- Amosar o apoio do Concello a todo o persoal municipal, funcionario ou de empresas que prestan os servizos nel, a nosa solidariedade e recoñecemento as súas lexítimas pretensións.

2.- Condenar todo exercicio de violencia contra o persoal municipal, que inclúe a falta de diálogo como violencia silente, e rexeitar totalmente calquera perturbación que se pretenda no exercicio do dereito a folga.

3.- Constituír unha mesa político sindical con inclusión de todos os grupos municipais co fin de abordar, analizar e propoñer solucións á conflitividade laboral crecente nos servizos dependentes do Concello de Ferrol, como foro de escoita e debate permanente no que resta de mandato.

Ferrol, 25 de abril 2022

Jorge Suárez Fernández
Voceiro do GM Ferrol en Común